


Esptar máis tarde ca o sol, andar na bici, xogar na praia, embadurnarse de xeado e sandía, sacar brillo aos parques, disfrutar das amizades, papases, mamases, avós, avoas, ti@s, curmás/ns, pasear ás amizades de 4 patas, millor ás gatunas non que se pasean soas... e un anaquiño diario para voar sen esnafrate, sen parapente, globo nin avión; un anaquiño de relax que podes compartir na cama, na herba, no sofá, na area, na túa árbore favorita. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe que as túas neuronas (nunca collen vacacións) dibuxarán na túa cabeza asoleada. Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídetes un libro por aprobar. Para aprobar. Visita a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelle a alguén que te lea. Lelle ti a alguén...

No verán,

NON LLE DES VACACIÓNS Á LECTURA



Desexámosvos...



un bo

libro

e

unhas lectoras

Verán 2.012


**DENDE A
BIBLIOTECA**



1º CICLO E.PRIMARIA

**PENSANDO
NESTE VERÁN...**

...que tod@s pensades
disfrutar ...




... o rato gordecho e máis eu saímos buscar o millor alimento fresquiño e saboroso para que as vosas neuronas non só naden na praia:

LECTURA!!!

- **Letras nos cordóns-C.Falcón-Kalandraka:**Só ve á nai os domingos e axúdalle á avoa coa casa e irmáns.Unha vida difícil a de Flor, que descubre na lectura a posibilidade dun futuro diferente.Para todas as idades, se es "grande", para reflexionar.




- **Estrelas de azucre-R. Morlán-Fervenza:**tenrura,ledicia e sorrisos nestes 40 poemas cheos de imaxinación.



- **Artur e Clementina-A. Turin-Kalandraka:**A vida de Clementina con Artur non é o que agardaba, o

afecto remata sendo cárcere e debe tomar unha decisión.Porque aínda existe discriminación segundo sexas nena ou neno.



- **A coelliña Marcela-E.Tusquets-Kalandraka:**É

unha coelliña rebelde que non acepta as normas que discriminan nin a inxustiza. Un conto de máis de 30 anos que segue a ser necesario contar.

MAMASES,PAPASES,PROF@S e demáis adult@s:

- **Morgana en Esmelle-B.Caamaño-Galaxia:** Unha ollada diferente sobre o mito do rei Artur e Avalón, a perspectiva de quen sufríu as decisións d@s que xogaban co poder. A visita de Morgana a Merlín e Xenebra desandarán lembranzas que doen e



buscan.Nunha fermosa linguaxe.

- **Castelao.O pobre tolo-I.Vilariño-Demo:** No seu desterro en Badaxoz, Castelao achégase a Portugal, onde merca esta obra de Teixeira, que será de relevancia para el.http://www.youtube.com/watch?v=aOa6pJvi7Mg&feature=player_embedded#!



- **Alén da fronteira-VVAA-Factoría K:** Percorrido pola poesía vasca da man de sete poetas contemporáneos de Euskadi, nunha cuidada edición bilingüe

